



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
30.11.2018

LUGAR: Sala de Xuntas da Escola de Enxeñaría Forestal - Campus de Pontevedra
DATA: 30.11.2018
HORA DE COMEZO: 12:00
HORA DE REMATE: 13:45

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva
D. Manuel Joaquín Reigosa Roger
D. Miguel Ángel Michinel Álvarez
D^a Raquel María Souto García
D. José María Martín Moreno
D. Xoán Cebro Rodríguez
D. Óscar Moldes Pita
D. Xosé Manuel Atanes Limia
D^a Mercedes Castro Mouzo
D. Jesús Graña Nogueiras
D^a María Elvira Larriba Leira
D^a Natalia Zunzunegui Garrido
D. Daniel Barata Quintas
D. Cesar Blanco Gómez
D^a Marta Iglesias Bueno
D. Francisco Gustavo Izquierdo Martínez
D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo
D. Emilio Fernández Zunzunegui
D. Manuel González Piñeiro
D. Jorge Cebreiros Arce
D. Juan Manuel Piñeiro Rivas
D. Xulio Calviño Rodríguez
D^a Yolanda López Fernández

ESCUSAN ASISTENCIA

D. Francisco Javier Casares Mouriño
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a María Elena Añel Cabanelas
D. Javier Garrido Valenzuela
D^a. M^a do Carmen Fouces Díaz
D. José María Franco García

NON ASISTEN

D. Antonio Macho Senra

SECRETARIO

D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O venres, 30 de novembro de 2018, ás 12:00 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (26.07.2018).
2. Informe do presidente.
3. Informe do Reitor.
4. Información sobre a oferta de emprego público do PDI da Universidade de Vigo para o ano 2018.
5. Aprobación, se procede, da finalización da adhesión da Universidade de Vigo ao Consello de universidades da Fundación Triptolemos para desenvolvemento agroalimentario.
6. Aprobación, se procede, das taxas dos seguintes cursos propios:
 - I Curso de formación en "Adestramento deportivo de alto rendemento"
 - IV Curso de formación en "Deseño de sistemas encaixados en FPGAS con XILINX VIVADO"
 - I Curso de especialista en "Innovación, competitividade e emprendemento en torno ao mar"
 - I Curso de especialista en "Refalado interlingüístico (inglés-español)"
7. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo como socio fundador na futura creación do "Centro de valorización y transferencia de tecnología del agua" (AQUAVALOR)

Propostas, acordos e informes da Comisión Executiva (reunión 10 de outubro de 2018)

8. Informe que proceda sobre a proposta de modificación do título oficial da Universidade de Vigo "Máster en Estudos ingleses avanzados e as súas aplicacións". (Consello de Goberno do 8 de outubro de 2018).
9. Complementos a profesores polo labor docente e investigador, pola excelencia curricular docente e investigadora e polos cargos de xestión. (Convocatoria de 2017). Avaliación aprobada pola ACSUG.
10. Outros asuntos. Informe de títulos expedidos. Taxas e Memorias de Cursos Propios.

Acordos e axudas da Comisión de Actividades e Servizos (reunión 6 de setembro de 2018)

11. Asuntos varios. Nova web do Consello Social

Propostas, acordos e axudas da Comisión de Actividades e Servizos (reunión 11 de outubro de 2018)

12. Ratificación, se procede, da aprobación da reasignación definitiva das Bolsas-colaboración concedidas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional á Universidade de Vigo para o curso 2018/2019.
13. Outros asuntos.

Propostas, acordos e axudas da Comisión de Actividades e Servizos (reunión 20 de novembro de 2018)

14. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas a Prácticums preprofesionais para o curso 2018/2019, e da dotación económica correspondente para o seu desenvolvemento.



15. Outros asuntos. Memoria de actividades do Consello Social.
16. Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo durante os meses de xullo, agosto e setembro.
17. Rogos e preguntas.

Principia don Ernesto Pedrosa agradecendo a asistencia dos presentes e deixando constancia do "fondo pesar" polo pasamento de don José M. Pérez Canal, transmitindo "o máis sentido pésame" á familia do finado -especialmente á súa viúva e fillos- en nome propio e do Consello.

Explica a reunión en Forestais como exemplo da convocatoria de sesións itinerantes polos tres Campus e polas dúas provincias baixo influencia directa da UVigo, e anuncia neste senso que o próximo Pleno se celebrará en Ourense o vindeiro día 27.

Os asistentes reciben un exemplar do último número da revista "Tres Campus", e un exemplar da carpeta-guía que se distribúe entre os novos alumnos, por iniciativa do Consello Social.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (26.07.2018).

- **Apróbase por asentimento**

PUNTO 2

Informe do presidente.

Don Ernesto Pedrosa comeza a súa intervención salientando a función social da universidade. Afirmar que "fronte ao ruído externo, a controversia e a anormalidade illada, á sociedade o que nos importa é que as universidades sexan excelentes, e que a súa capacidade, compromiso, dedicación e independencia nos sigan a dar argumentos para mellorar como territorio e como persoas". Fai referencia de seguido á revisión sistémica á que están sometidas as universidades, e neste punto menciona os asuntos considerados polo Ministerio como máis urxentes no ámbito da educación superior: outro modelo de carreira para o profesorado universitario, mellorar a calidade das titulacións e que os prezos dos Mestrados se igualem aos Graos, equiparar as esixencias de calidade nas ensinanzas online, potenciar a internacionalización e reordenar o sistema de becas e axudas.

Neste cambio que está a operar ao redor das universidades, citou o presidente o papel da Conferencia de Consellos Sociais, que está a traballar intensamente na gobernanza, na reputación, na internacionalización e no *compliance* (entendido como disposición de códigos voluntarios de ética e de conducta que contemplan os valores da organización e os límites aos comportamentos que non se axusten a eses valores). Como iniciativa central da Conferencia dá conta do chamado "Manifiesto de Maspalomas", un documento cume para a Conferencia de Consellos Sociais no que se referencian os sete puntos que reflicten as reformas precisas e requiridas para a educación superior.

Na mesma liña informa dos acordos firmados pola Conferencia con Alumni España, coa CEOE, e coa REDFUE; tamén da reunión co ministro Pedro Duque para trasladarlle o posicionamento da Conferencia, e do acto conxunto no Congreso dos Deputados no que se deu lectura a unha declaración para pedir una nova LOU e para que a mellora da universidade sexa considerada unha prioridade de país, no que ademais da Conferencia e da CRUE participaron a Cámara de Comercio de España, as principais organizacións empresariais e sindicais e a Presidenta do Congreso.

Noutra reflexión sobre a actualidade máis próxima, advirte sobre a importancia das negociacións que levan a cabo Xunta e universidades para adaptar o mapa de titulacións aos novos perfís profesionais e ás demandas sociais, e salienta o crecemento da captación de fondos para proxectos de investigación que rexistra a UVigo durante os últimos anos.



Finalmente comunica a adscrición de don Manuel Reigosa á Comisión Executiva do Consello Social; dona Raquel M. Souto (xerente) e don José M. Martín (vicerreitor) á Comisión Económica; e don Miguel A. Michinel (secretario xeral) á Comisión de Actividades e Servicios. Remata dando a benvida aos novos membros don Óscar Moldes (representación dos alumnos), e don Xoán M. Cebro (representación PAS), aos que, lembrando aos seus predecesores, "acollemos sabendo que a súa presenza se desenvolverá de forma considerada e proveitosa".

PUNTO 3

Informe do Reitor.

Don Manuel Reigosa abre a súa intervención concedendo especial importancia ao acto do Congreso dos Deputados promovido pola CRUE e a Conferencia de Consellos Sociais, para poñer ás universidades no centro do debate político. Menciona expresamente "o importante papel" que xogou o anterior Reitor da UVigo na preparación desta iniciativa, e, se ben se declara "pesimista" no tocante á modificación da lei por falta de maiorías, explica a importancia que da e a transcendencia que ten "que se empecen a expor escenarios de cambio" por unha universidade competitiva e internacionalizada.

O Reitor manifesta que neste mandato tentará situar a UVigo no contexto internacional "que merece", entre as 500 mellores institucións de educación superior do mundo. Refire que xa se sitúa entre as 400 mellores do mundo en Ciencias da Educación, e entre as 500 primeiras en Ciencias da Vida, Enxeñaría e Tecnoloxía, Ciencias da Computación e Artes e Humanidades, segundo a actualización do 2019 Times Higher Education Subject Rankings. Neste senso informa dos pasos que xa se están a dar, coma a fichaxe de Maurizio Battino, un investigador "excepcional", dos máis influentes do mundo e que incide notablemente nas clasificacións. Ou mesmo o nivel acadado polo xa ex-vicerreitor Jesús Simal, profesor no Campus de Ourense, que acaba de recibir un recoñecemento dos que só dispoñen en Galicia estes dous investigadores e un terceiro en Santiago. Afirma don Manuel Reigosa que hai abertas negociacións "incesantes" con outros científicos altamente citados "que nos farán subir nos índices", e subliña a capacidade "que temos para atraer talento".

Noutro apartado, da conta das negociacións co Ministerio de Defensa para que a UVigo teña un centro universitario propio; informa do estado, obras, equipamentos ou previsións do edificio do Campus da Auga, do sito no Berbés ou do situado na rúa Benito Corbal, en Pontevedra; tamén da pretensión de dispor dun edificio propio para Enxeñaría Aeroespacial.

Nun breve apunte sobre as negociacións do novo mapa de titulacións comenta que hai un "certo enfriamento" nas conversas, na confianza de que se acelere a negociación a finais de 2019.

Pecha o repaso aos asuntos de actualidade con unha mención ao Informe sobre acoso sexual presentado recentemente, para agradecer, en nome propio e no do equipo que elaborou no traballo, o apoio prestado polo Consello Social para a súa realización.

PUNTO 4

Información sobre a oferta de emprego público do PDI da Universidade de Vigo para o ano 2018.

Toma a palabra o vicerreitor de Economía, don José M. Martín, para explicar as prazas e os custos anuais asociados en cada unha das tres categorías ofertadas, que se recollerán no orzamento de 2019.

- **O Pleno dá a súa conformidade**



PUNTO 5

Aprobación, se procede, da finalización da adhesión da Universidade de Vigo ao Consello de universidades da Fundación Triptolemos para desenvolvemento agroalimentario.

Resume o Reitor na súa explicación que a UVigo leva moitos anos pagando a conta por pertencer a esta Fundación sen poder ter participado en ningunha actividade. Ante a demanda de máis información por parte de don Jesús Graña, amplía a argumentación o secretario xeral da UVigo.

- **O Pleno dá a súa aprobación**

PUNTO 6

Aprobación, se procede, das taxas dos seguintes cursos propios:

- *I Curso de formación en "Adestramento deportivo de alto rendemento"*
- *IV Curso de formación en "Deseño de sistemas encaixados en FPGAS con XILINX VIVADO"*
- *I Curso de especialista en "Innovación, competitividade e emprendemento en torno ao mar"*
- *I Curso de especialista en "Refalado interlingüístico (inglés-español)"*

Comenta o presidente que estes asuntos son tratados habitualmente na Comisión Executiva, se ben se traen a este Pleno estas tres propostas por razóns de prisa e operatividade. Aclara que foron analizadas pola Secretaria do Consello Social e que cumpren ca normativa.

- **O Pleno dá a súa aprobación**

PUNTO 7

Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo como socio fundador na futura creación do "Centro de valorización y transferencia de tecnología del agua" (AQUAVALOR)

Introduce don Manuel Reigosa este punto informando que se trata dunha solicitude de investigadores do Campus de Ourense para sumarse a unha iniciativa portuguesa e financiada polo goberno portugués, na que os investigadores da UVigo poidan participar como tales nas actividades do Centro, e sen custe. Propón o Reitor que se aprobe a participación e seguir a traballar en promover a investigación transfronteiriza.

- **O Pleno dá a súa aprobación**

PUNTO 8

Informe que proceda sobre a proposta de modificación do título oficial da Universidade de Vigo "Máster en Estudos ingleses avanzados e as súas aplicacións". (Consello de Goberno do 8 de outubro de 2018).

Explica o presidente que se somete este asunto a informe con carácter previo a elevar a proposta á Xunta de Galicia. Engade que as modificacións consisten basicamente en adecuar a denominación do título á formación impartida (para que os Egresados coñezan con maior facilidade o perfil formativo); e retocar programas dalgunhas materias, para darlles un maior grao de especialización e aumentar a empregabilidade dos Egresados. Non hai cambios no interese socioeconómico da titulación, que mantén o seu interese, pertinencia e oportunidade no SUG. Oídas as explicacións,

- **O Pleno informa favorablemente**



PUNTO 9

Complementos a profesores polo labor docente e investigador, pola excelencia curricular docente e investigadora e polos cargos de xestión. (Convocatoria de 2017). Avaliación aprobada pola ACSUG.

Don Ernesto Pedrosa solicita a ratificación do acordo da Comisión polo que autoriza a concesión de retribucións a profesores, referidas a complementos de recoñecemento polo labor docente e investigador (20 profesores); pola excelencia curricular (104 profesores); e polos cargos de Xestión (61 profesores), todos eles pertencentes á convocatoria de 2017. As valoracións dos profesores foron aprobadas pola Comisión galega de informes, avaliación, certificación e acreditación (CGIACA), dependente da ACSUG, en xuntanzas de 25 de xuño e 17 de xullo de 2018.

- **O Pleno acorda a asignación**

PUNTO 10

Outros asuntos. Informe de títulos expedidos. Taxas e Memorias de Cursos Propios.

Á vista dos acordos e informes aprobados pola comisión, e dos que se lles entrega un resumo pomenorizado aos membros,

- **O Pleno dáse por informado**

PUNTO 11

Asuntos varios. Nova web do Consello Social

Revisadas as axudas, servicios e patrocinios tratados e aprobados na Comisión, e á vista do resumo remitido para esta sesión, no que se recollen os aspectos máis destacados dos acordos,

- **O Pleno dáse por informado**

PUNTO 12

Ratificación, se procede, da aprobación da reasignación definitiva das Bolsas-colaboración concedidas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional á Universidade de Vigo para o curso 2018/2019.

Informa o presidente do procedemento seguido, dos criterios aplicados e dos resultados recollidos no listado final.

- **O Pleno ratifica a aprobación**

PUNTO 13

Outros asuntos.

- **O Pleno dáse por informado**

PUNTO 14

Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas a Prácticums preprofesionais para o curso 2018/2019, e da dotación económica correspondente para o seu desenvolvemento.

O secretario complementa a información remitida sobre este asunto dando conta das consultas recibidas dende varios centros sobre a posibilidade de ampliar estas axudas aos Mestrados na vindeira convocatoria, e da decisión –compartida co vicerreitor de Organización Académica- de mantelas tal como están, só para os Graos.

- **O Pleno dá a súa aprobación**



PUNTO 15

Outros asuntos. Memoria de actividades do Consello Social.

Os asistentes reciben un resumo dos acordos e patrocinios aprobados na Comisión, entre eles a nova web do Consello Social e a Memoria de 2017.

- **O Pleno dáse por informado**

PUNTO 16

Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo durante os meses de xullo, agosto e setembro.

Don Xosé M. Atanes expresa as súas reservas polo convenio firmado con Ence, considerando que, se ben o convenio é de carácter social, se debería ter "máis coidado" e máis en conta a sensibilidade social á hora de firmar estes acordos. Resposta o Reitor que non lle ve problema ao convenio, e que todo o que sexa interesante para a universidade "é bo". Don Jorge Cebreiros amosa o seu desacordo, por entender que o compromiso de Ence está "suficientemente" demostrado con máis de 200 proxectos.

- **O Pleno dáse por informado**

PUNTO 17

Rogos e preguntas.

En referencia aos puntos 5 e 7, pregunta dona Natalia Zunzunegui se se fai algún seguimento económico e da actividade respecto do que reporta a participación da UVigo en calquera institución ou entidade. Resposta o Reitor matizando e aclarando os comportamentos en cada un dos casos referidos, e informando que con carácter xeral hai tres niveis de implicación con seguimentos distintos. Reflexiona sobre a conveniencia de elaborar un informe anual de seguimento "aínda que non sexan actividades propias".

Don Oscar Moldes interésase pola aposta que fará a UVigo polas ensinanzas online e semipresenciais nas negociacións sobre o novo mapa de titulacións. Don Manuel Reigosa manifesta que esa debe ser a aposta para captar alumnado "sobre todo de Iberoamérica". Aclara que estase a traballar con ese obxectivo, pero entendendo que non se pode virtualizar todo e que non todas as titulacións poden non ter presencialidade porque algunhas prácticas deben facerse nas escolas.

Pregunta don Manuel González se pode pasar na UVigo algo similar ao acontecido na Universidade Rey Juan Carlos, e se se están a tomar ou se tomaron medidas. O Reitor amosa a súa intención de cambiar o procedemento dos Mestrados, se ben expresa con firmeza que na actualidade todos están suxeitos á normativa e teñen plenas garantías. "A UVigo non ten chiringuitos", sentencia. Don Emilio Fernández traslada a preocupación pola posible implantación dunha universidade privada en Galicia, e abre un intenso e amplo debate ao amosar un exemplar da revista editada polo IESIDE (o Instituto promovido por Abanca) para promocionar a súas titulacións, "sen mencionar en ningún sitio" que se trata dun centro adscrito á UVigo e que debe cumprir o control e avaliación esixidas ás universidades públicas. Propón que se presente unha protesta pola absoluta omisión sobre a UVigo na devandita publicación, e pide "máxima alerta neste asunto".

Informa o Reitor de que está presentada ante a Xunta a solicitude dunha universidade privada de Afundación-Abanca. Tras afirmar que non se deberán detraer recursos públicos cara a unha universidade privada, engade que, se ben o trámite é longo, a nova entidade deberá respectar as obrigas que se recollan no novo mapa de titulacións para as demais universidades – "deberá cumprir a lei e estaremos vixiantes"-, e neste senso subliña que defenderá que non haxa duplicidade de titulacións, e mesmo defenderá que non se utilicen titulacións "que son nosas" para acreditar á nova universidade, polo que ás que implanten o deberán facer cos seus propios recursos.



Dende distintas ópticas, pero na mesma liña de desconformidade, se pronuncian, entre outros, don Xulio Calviño, dona Natalia Zunzunegui, dona Mercedes Castro, don Xan Cebro e don Xosé Manuel Atanes avogando este último por promover un documento no que se expoña a preocupación e contrariedade ante esta iniciativa. Don Ernesto Pedrosa recolle as opinións e afirma que o esencial é estar vixiantes e que se lle esixa como ás demais. "Máis alá diso, pouco máis se pode facer por agora", remata o presidente. Nunha derradeira intervención sobre este asunto, don Jorge Cebreiros subscribe a posición do Reitor e amósase a favor da iniciativa privada que compita coa pública, "o que non se debe consentir é a competencia desleal", sinala, abundando en que na publicación editada para anunciar a nova universidade faise publicidade enganosa ao salientar o alto nivel de emprego que acadan os seus Egresados omitindo que están formados con profesorado, instalacións e titulacións adscritas á UVigo. Precisa a importancia de que dende o Consello Social se defenda ás futuras xeracións e se avogue pola transparencia e o rigor, porque á vista do que se di nesta publicación e se pode interpretar interesadamente da súa lectura pode levar a "algúns a pensar que o seu futuro e o seu traballo está nunha universidade privada".

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:45 horas do 30 de novembro de 2018, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº e pr.,
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias